

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás catorce horas do día vinte de outubro de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste dona Isabel María Fuentes Torices, interventora accidental e dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o único asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Declaración institucional do Concello de Cambre en relación coas medidas que o Goberno Central e a Xunta de Galicia pretenden impoñer sobre algunhas infraestruturas vitais para Cambre e para a área metropolitana da Coruña

De orde do señor alcalde, a secretaria da corporación dá lectura á proposta de declaración institucional ditaminada favorablemente pola xunta de voceiros, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 18 de outubro do ano que andamos, e que se transcribe literalmente a continuación:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE CAMBRE

O pleno do Concello de Cambre, ante as noticias publicadas sobre as medidas que o Goberno central e a Xunta de Galicia pretenden impoñer sobre algunhas infraestruturas vitais para Cambre e para a área metropolitana da Coruña, desexa manifestar o seguinte:

Primeiro: Consideramos imprescindible volver ao diálogo con todas as partes implicadas no problema, e tratar de dar solución a un tema que sen dúbida ten que obedecer a intereses colectivos, e de ningún xeito primar cuestións individuais, electoralistas ou persoais, que en

definitiva van a provocar división, prexudicar ás familias, e ao futuro desenvolvemento do noso concello e da propia comarca.

Segundo: Rexeitamos a posibilidade de reducir por parte do Ministerio de Fomento a asignación da cantidade prevista para a execución da Terceira Ronda, e con iso, o posible retraso da súa posta en funcionamento e esiximos a consignación nos orzamentos do Estado a cantidade necesaria para que a vía se poña en funcionamento a finais de 2012, e así mesmo, se destine unha partida orzamentaria para executar o enlace en la zona da Rocha (Cambre) coa Nacional 550.

Terceiro: Rexeitamos a modificación do Plan Move de Galicia no que atinxe a deixar sen efecto a conexión da Vía Ártabra entre a AP-9 e a A-6, xa que iso suporía vulnerar e deixar baleiro o Plan Viairo Comarcal consensuado por todos os Concellos da área metropolitana coa Xunta de Galicia e esiximos que dita infraestrutura se execute na súa totalidade de conformidade coa última solución prevista polo pleno do Concello de Cambre.

Cuarto: Apoiamos todas as medidas que adopte o Consorcio das Mariñas tendentes a conquistar tanto co Ministerio de Fomento como coa Xunta de Galicia a posta en funcionamento da Terceira Ronda no prazo previsto e o mantemento do enlace da Vía Ártabra entre a AP-9 e a A-6 e solicitamos que o máis axiña posible os representantes do Consorcio sexan recibidos polo ministro de Fomento e polo conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Quinto: Consideramos que ambas infraestruturas son imprescindibles para a vertebración, mobilidade e desenvolvemento da área da Coruña.

Sexto: Co obxectivo de mellorar a fluidez do tráfico na estrada AC-211 e máis concretamente no tramo correspondente á ponte da ría do Burgo entre os concellos de Culleredo e Cambre, e co fin de mellorar e desconxestionar a fluidez no movemento de tráfico na zona, solicitamos da Xunta de Galicia destine unha partida orzamentaria para o ano 2011 para o proxecto de ampliación da mencionada ponte, consistente na construción dunha pasarela en paralelo para o paso de peóns o que permitiría a construción dun novo carril, a eliminación do tráfico existente, e mellorar a seguridade viaria na zona.

Sétimo: Déase traslado do presente acordo institucional ao ministro de Fomento e ao presidente da Xunta de Galicia.”

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo presentou unha emenda e que non sabe se a van ler agora ou despois, non sabe como van facer. O que sabe perfectamente é que non a van a ter en conta, pero, en calquera caso, debe de ser lida. Simplemente pregunta como pensa facer o Sr. alcalde, que para iso é o presidente.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que, ao seu entender, hai un par de erros na redacción. Un deles no punto 2º, cando ao final de todo se di

“...así mesmo, se destine unha partida orzamentaria para executar o enlace en la zona da Rocha (Cambre)...”. Sinala que haberá que dicir “na zona da Rocha” e hai que corrixilo, porque se están en galego, están en galego.

Outro erro é no punto 6º, ao final de todo, cando se di que “... solicitamos da Xunta de Galicia destine unha partida orzamentaria para o ano 2011 para o proxecto de ampliación da mencionada ponte, consistente na construción dunha pasarela en paralelo para o paso de peóns o que permitiría a construción dun novo carril, a eliminación do tráfico existente...”. El cre que iso da eliminación do tráfico existente sobra, que eliminar non se vai eliminar nada, o que se pon é un carril máis, para que o tráfico existente se desconxestione. Iso da “eliminación do tráfico existente” non ten sentido que estea aí posto.

O Sr. alcalde suxire poñer “a mellora do tráfico”.

Don Manuel Marante Gómez contesta que a mellora do tráfico existente, iso si, pero non o da eliminación.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ese é un punto que incluiu o seu grupo, e que, efectivamente, non é a eliminación, senón a mellora e fluidez do tráfico existente, porque a eliminación é imposible levala a cabo.

A continuación, o Sr. alcalde di que vai permitir que se lea a emenda do PP e pregunta se os outros grupos teñen copia dela.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás contesta que o seu grupo non ten ningún tipo de copia. Di que EU-IU o martes, cando foi a xunta de voceiros, en vista de que o concello presentaba un borrador de declaración institucional, o que fixo, e consideran que con tempo suficiente para que os demais grupos e o propio goberno analizaran as súas propostas, foi presentalas o mesmo martes, antonte. Presentaron dous puntos a ter en conta que, efectivamente, se teñen en conta na declaración, pero que non tiveron nada que ler por parte doutros grupos, nin nada que debater nin opinar ao respecto.

O Sr. alcalde sinala que, de todas formas, por cortesía van deixar que se lea a emenda do PP.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que eles a presentaron en prazo e que, polo tanto, a cortesía se sobreentende.

O Sr. alcalde di que o texto acaba de chegar.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que non, que non acaba de chegar, que a presentaron en prazo e que está selada no Rexistro, con data de onte 13 de outubro, como é preceptivo.

A continuación, o concelleiro popular dá lectura á emenda que consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Suprimir os acordos sinalados na proposta do goberno municipal cos números 2, 3 e 4 (*neste punto o concelleiro popular aclara que serían os puntos 3, 4 e 5*).

Segundo: Incluír no seu lugar os seguintes:

2. Esixir ao Ministerio de Fomento que tome as medidas oportunas para dotar dunha entrada á A-6 en Santa María de Vigo para dar servizo a todos os cidadáns da zona, así como ao polígono industrial de Carral.

3. Esixir ao Ministerio de Fomento que constrúa un novo acceso á AP-9 na Barcala (Cambre) para desviar gran parte do tráfico rodado do nó do Paraugas, a ponte do Burgo e a Costa da Tapia.

4. Esixir ao Ministerio de Fomento que se absteña de instalar unha peaxe no futuro enlace entre a Vía Ártabra e a AP-9 xa que non ten sentido ningún que hai poucos anos se retirara a peaxe da Barcala, que se atopa a pouco máis dun quilómetro deste, e que agora se realice outro.

5. Esixir ao Ministerio de Fomento que rectifique as manifestacións do delegado do goberno en Galicia, no sentido de que se garante o mantemento da entrada e saída á AP-9 en dirección a Santiago existente en Catro Camiños. Así mesmo, esixirlle que constrúa o enlace en dirección á Coruña neste mesmo punto que leva pendente de execución máis de 20 anos.

6. Esixir ao Ministerio de Fomento que de non ter en conta as anteriores solicitudes, ceda as competencias sobre a AP-9 ao goberno da Xunta de Galicia.

7. Esixir á Xunta de Galicia que dote unha partida económica suficiente para ampliar a ponte do Burgo nos termos nos que o ten solicitado EU-IU de Cambre na súa emenda de 18 de outubro de 2010.

8. Esixir á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña que inicien de forma urxente os contactos para construír unha rotonda no novo cruzamento entre as estradas CP-1703 e AC-214 en Fraís (Cecebre).

9. Esixir á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento que inicien de forma urxente os contactos para mellorar o enlace entre as estradas N-550 e AC-214 e a A-6 na Rocha.

Terceiro: Substituír o último parágrafo da declaración institucional proposta ao pleno polo seguinte texto alternativo:

Dar traslado do presente acordo a todos os municipios membros do Consorcio das Mariñas, ao Concello da Coruña, aos grupos políticos do PPdeG, PSdeG e BNG no Parlamento de Galicia, así

como ao ministro de Fomento e ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.”

O Sr. alcalde informa de que se vai dar paso ao debate sobre a declaración institucional que partiu da reunión de voceiros. Di que os compañeiros voceiros teñen a palabra para expresar o seu punto de vista, o seu acordo ao respecto.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, sinceramente, non entende o obxecto deste pleno. Cre entender que se dixo que a proposta que hoxe se presenta para aprobación foi votada favorablemente por todos os grupos, agás o PP, pero el ten un documento de EU-IU, que supón que o voceiro dese grupo lles explicará despois, que no seu punto 4º di que para EU-IU non existen razóns sociais, nin económicas, que xustifiquen o vial dende a autoestrada AP-9 en Pravio ata a autovía A-6 en Andeiro, resultando evidente que as actuais infraestruturas son susceptibles de melloras, con pequenos investimentos, o que supón un impacto económico e medioambiental máis reducido que a obra en cuestión.

Di que iso é o que pon o punto 4º dun papel que ten o anagrama de EU, e que en realidade aí EU-IU está dicindo exactamente o mesmo que o PP defendeu e segue defendendo, que non se faga ese vial. En canto ao BNG supón que, con afáns expropiatorios, se considerará satisfeito de que, se non se fixo o Plan de Vivenda, que polo menos se expropie algo.

Don Luis Miguel Taibo Casás pide ao Sr. alcalde intervir por alusións.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que supón que as alusións serán despois, ou pregunta se é que lle poden curtar a intervención.

O Sr. alcalde dille que pode terminar.

O Sr. Cubeiro Martínez sinala que non son alusións, que é a lectura dun documento.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que se lle permiten....

Don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que é a súa quenda, que non lle poden curtar tan pronto, e segue dicindo que todos os grupos, nun pleno celebrado en 2008, por unanimidade, aprobaron unhas alegacións que din, entre outras cousas, ao final:

“Estas alegacións e suxestións parten da premisa de aceptar e defender os obxectivos do Plan Viario Comarcal no seu conxunto e, nomeadamente, os aspectos singulares que afectan ao Concello de Cambre e ás súas relacións e comunicacións co conxunto metropolitano. O diferente tratamento para esta vía, proposto no estudo e, a eliminación de aspectos do Plan que eran básicos desde o punto de vista do seu funcionamento e que constituían algunhas das aspiracións municipais históricas, provocan que a decisión unánime de Cambre sexa que, de non

se ter en conta as nosas propostas, consideremos (o Sr. Cubeiro di aquí que supón que se quería dicir “consideramos” non “consideremos”) que sería mellor opción a formulada na alegación da “Asociación PRO URBANISMO DE CAMBRE”, na súa alegación de data 8 de maio e cunha corrección de erros de data 23 de maio de 2008, na que formulan a proposta de conectar a Vía Ártabra procedente de Oleiros coa AP-9 no intercambiador de Guísamo. Ademais de manter o enlace á AP-9 no contorno de Catro Camiños (Cecebre) e aumentarlle as entradas en dirección Coruña, tal como reflicte o Plan Viario desde a súa xénese.”

Di que está claro que este concello aprobou unhas alegacións nas que están solicitando que non se faga o tramo que hoxe, sorprendentemente, o Sr. alcalde está defendendo, e que por iso este pleno é unha broma, porque é asombroso que digan unha cousa no 2008 e hoxe digan a contraria.

Continúa explicando que o PP defendeu no seu momento que ese tramo era prexudicial para Cambre. No propio documento de inicio do Plan Xeral, que por certo é o único que o Sr. alcalde é capaz de facer, un documento de inicio, di que ese vial non dá servizo a Cambre, o di claramente e o PP tamén o di. Si que dá servizo aos Concellos de Sada e Oleiros, pero non poden ser eles os que tomen as decisións en Cambre, non pode ser o alcalde de Oleiros quen diga o que hai que facer en Cambre, nin pode ser o alcalde de Culleredo quen o diga. As actitudes belixerantes deses alcaldes, por exemplo o de Culleredo co aeroporto, son totalmente distintas a esta. Cando se trata de defender os intereses do concello é lamentable para Cambre. Nos outros concellos está ben que os seus alcaldes defendan os seus intereses, pero o alcalde de Cambre non, o alcalde de Cambre está desaparecido.

Segue dicindo que o PP lle dixo moitas veces ao Sr. alcalde que non se tiña molestado en falar co conselleiro anterior, que ademais era compañeiro de partido, non se molestou absolutamente para nada en facer nada da Vía Ártabra, o único que fixo, porque era un trámite obrigatorio, foi presentar alegacións, alegacións que presentou sen nin sequera ler, como se demostra aquí, porque seguro que o Sr. alcalde non as leu, seguro que non sabe o que asinou aquel día. Di que iso da Asociación Pro-Urbanismo está sendo para el unha sorpresa agora. Cando se deu conta do que firmara, o Sr. alcalde asombrouse el mesmo do que é capaz de facer, e que os demais grupos tamén, que todos presentaron esas alegacións por unanimidade.

Conclúe dicindo que como entrada cre que é suficiente, que agora lle van dicir o que teñan a ben, e que despois poden continuar na segunda quenda.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, en primeiro lugar, por alusións a un documento que sacou o seu grupo hai xa bastantes anos, quere dicir que é un documento onde se saca de contexto o punto 4º, e no que se le o documento a medias, porque ese documento pon “*Polo exposto propoñemos*” e segue “*a)....*”, pero que non seguiu lendo, porque no último apartado do documento, que el non ten neste momento completo, pon que en caso de que a Vía Ártabra tivera que ser feita, como así o dixo a Xunta de Galicia, entón EU-IU apostaba porque o Vial 13 ocasionara o menos dano posible aos veciños e aos cidadáns de

Cambre, e iso non o recolle nin o dixo o Sr. Cubeiro, que sacou un extracto de aí pero que obvia o que realmente pon o documento.

Sinala que o que non se pode é dicir as verdades a medias, que efectivamente nese documento se di que EU-IU, dende un principio se opuxo, ademais radicalmente, ao trazado que estaba previsto de norte a sur e que desmembraba as parroquias de Pravio, Cela, Meixigo, San Lourenzo, Brexo-Lema e Andeiro. A iso se opuxeron, foi despois de que unha comisión ou dúas do Concello de Cambre, xuntamente con varios veciños, e ante a premisa da Xunta de dicirlles que a Vía Ártabra tiña que transcorrer polo Concello de Cambre, cando se presentou unha alternativa que foi apoiada non só por EU-IU, senón por todos os grupos presentes no concello. Pero xa non había outra alternativa, porque a Xunta lles estaba obrigando, de feito o Sr. Cubeiro mencionou antes o Plan de urbanismo, e un dos motivos polos que se suspendeu por parte da Xunta foi precisamente por non facer unha reserva de solo para a Vía Ártabra.

Pide que non se digan as verdades a medias, que non se saquen de contexto unhas palabras que están nun documento sen lelo todo, ao mellor é que non o teñen todo, non o sabe, pero sacan o que lles interesa.

Continúa dicindo que, por outra parte, el quere, en primeiro lugar e sobre todo, manifestar a contrariedade do seu grupo pola forma de comunicar a noticia da suspensión deste vial, sen entrar en máis matices. Parécelle unha falta de respecto e consideración á institución local do Concello de Cambre, aos veciños e aos propios representantes. Di que é lamentable que a día de hoxe o grupo político que el está representando non teña máis información que a publicada nos medios de comunicación.

Efectivamente a Vía Ártabra ten ocasionado en Cambre moitísimos problemas, a todos os veciños, provocou unha gran mobilización da súa poboación, que observaba en moitas ocasións incrédula, como se ía cambiando o trazado dependendo nalgúns casos de intereses alleos á propia colectividade veciñal, o que provocou que se constituíran tres asociacións para defender os intereses dos cidadáns.

Como dixo antes, EU-IU xa se ten posicionado en contra do chamado Vial 13, que na súa orixe, no seu trazado de norte a sur ao seu paso por Cambre, desmembraba as parroquias de Pravio, Cela, Meixigo, Brexo-Lema e Andeiro, vulnerando, así mesmo, indiscriminadamente o principio de proporcionalidade entre a carga soportada e o beneficio que a poboación de Cambre podería ter. Así o recollen as alegacións presentadas polo seu grupo na Dirección Xeral de Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia o 5 de maio de 2008, considerando algo primordial e necesario que calquera estratexia elixida no Plan Viario ao seu paso por Cambre, debía ser realizada dende un amplo debate e un posterior consenso entre os grupos do concello e as propias asociacións e veciños, e no caso de optar polo chamado Vial 13 que transcorre dende a AC-221, AP-9 e A-6, que o propio Consello da Xunta de Galicia declarou de interese supramunicipal, se adoptaran as

medidas correctoras necesarias para que o trazado ocasionara o menor impacto económico, sociocultural e medioambiental posible.

Continúa dicindo que nesta lexislatura, de por si bastante convulsa, non se chegou a moitos acordos entre o goberno e a oposición, as discrepancias en moitos casos foron profundas, pero neste caso, neste tema concreto, acordouse presentar un prego de alegacións conxunto polos grupos representados na corporación, tentando que a infraestrutura ao seu paso por Cambre fora o menos agresiva para o conxunto da cidadanía, e o máis eficaz e funcional posible, co fin de conseguir unha maior integración da Vía Ártabra no contorno municipal, e ese consenso quedou plasmado no acordo plenario de 23 de febreiro de 2006, aprobado por unanimidade polos tres grupos presentes na corporación anterior, onde se presentaba unha alternativa consensuada entre asociacións e veciños. O día 4 de xuño de 2008, aprobouse tamén por unanimidade, un documento de alegacións ao proxecto de trazado e estudo de impacto medioambiental da obra en cuestión.

Agora, unha vez máis, e partindo dunha información confusa e nalgún caso oficiosa, onde se ignora ao concello como institución e aos seus representantes, a Xunta de Galicia elimina o vial, e de novo, como sempre, volta empezar.

O seu grupo, e así o fixeron constar na declaración institucional lida no día de hoxe, e presentada antonte, unha vez máis cre imprescindible volver ao diálogo con todas as partes implicadas no problema, e tratar de dar solución a un tema que sen dúbida ten que obedecer a intereses colectivos e de ningún xeito primar cuestións individuais, electoralistas ou persoais que, en definitiva, van provocar división, prexudicar a familias e ao futuro desenvolvemento do concello. E, por outra parte, tamén lamentan, unha vez máis, a imaxe que están dando algúns políticos, acusándose mutuamente de posibles favores en beneficio persoal e partidista derivados desta obra en cuestión.

Di que o seu grupo xa solicitou na xunta de voceiros do día 7 que por parte dos responsables da Xunta se lles explicase con urxencia por que non se lles contestou ás alegacións presentadas e as razóns de fondo xustificadas para a suspensión deste vial.

Esta corporación municipal ten que implicarse nos problemas derivados desta infraestrutura, contribuíndo a que se dea un verdadeiro equilibrio entre os intereses, por un lado, da construción da obra pública que trata de beneficiar aos cidadáns e á economía da comarca en xeral, e, por outro, a que os intereses concretos dos veciños de Cambre afectados, sexan defendidos e respectados prestando o máximo apoio e colaboración dende o concello.

En calquera caso, e baixo o criterio do seu grupo, calquera modificación da Vía Ártabra non debe ser executada nin suspendida sen ter en conta as alegacións presentadas polo conxunto da corporación e polos veciños e veciñas no pleno de xuño de 2008. Por iso demandan máis información por parte das autoridades con competencias no problema, é dicir, da Xunta de

Galicia, e sobre todo demandan do Sr. alcalde un maior liderado institucional ante a administración autonómica, para que problemas da envergadura como o que están tratando teñan o seguimento e a preocupación que se merecen. E tendo en conta estas matizacións, o grupo de EU-IU vai apoiar a declaración, reiterando unha vez máis como algo fundamental e facendo un chamamento ao diálogo e á transparencia que debe predominar nas partes implicadas neste problema.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que hai algo máis de dous anos, no mes de xuño de 2008, hai unha serie de datos que xa expuxo o compañeiro de corporación, o voceiro de EU-IU e que el xa non vai citar, pero entre eles citou un importante, porque efectivamente era unha idea que el tamén tiña na cabeza, poucos consensos houbo nesta lexislatura, foi unha lexislatura convulsa, complexa, e aínda non acabou, aínda que agarda que a cousa vaia mellor, pero nese tema si que estiveron todos de acordo. Lembra, e ademais así debe estar recollido nas actas, que sobre un tema que levan tantos anos discutindo e debatendo, acordouse por segunda vez, porque xa o fixeran así no ano 2006, un consenso entre todos, era para felicitar e desexaba non ter que volver ao cabo de dous anos a repetir o debate sobre o mesmo problema. Lamenta que fora unha premonición negativa, porque dous anos e poucos meses despois, de novo se atopan diante dun problema que, polo menos o BNG, e el cre que a maior parte dos que están aquí, esperaban que estivera solucionado.

Di que, por sorte, coas grabacións, coas actas e coa documentación está todo recollido nesta historia que arranca aproximadamente no ano 1997 e que ten a súa primeira plasmación nunha reunión que os alcaldes da área da Coruña, xunto cos técnicos municipais, teñen no Concello da Coruña no ano 98, onde se presenta por primeira vez ese avance, ese deseño do que tería que ser o Plan Viario Comarcal que nace froito dun consenso político, social e institucional na comarca. Por sorte queda todo reflectido, porque iso polo menos permite contrastar onde están as mentiras, onde están as medias verdades. Todos e cada un deles quedan reflectidos no que fixeron e no papel que cumpriron durante todo ese tempo. E tamén o di en sentido autocrítico, porque está seguro que neses papeis se vai ver que el tamén cometeu algún erro, cometeu algunha equivocación, e seguramente tivo algún cambio de postura durante ese tempo, iso froito da evolución do debate e do convencemento por parte de argumentos que era necesario adoptar.

En todo caso, di que el, como voceiro do BNG, ten a conciencia moi tranquila porque dende un principio o seu compañeiro Antón Otero e el, que eran os que estaban inicialmente nesta corporación, parecían como o Quixote combatendo contra non se sabe que. Eran os únicos que tiñan claro que o Plan Viario Comarcal era fundamental para o desenvolvemento da comarca e do Concello de Cambre dentro dela. Outra cousa é que se tivera que discutir como se facían eses trazados, con que tipo de afectacións e con que características se ían facer. Evidentemente todo iso había que discutilo, pero o Plan, no seu conxunto, era un deseño fundamental se querían facer algo tan sinxelo como é o que se fai en política en todas partes, ou se debería facer, que é intentar adiantarse ao futuro e ás necesidades do futuro.

Continúa dicindo que esa foi unha grande idea dos alcaldes naquel momento, con gobernos de distintos signos nos poderes locais, pero tamén na Deputación Provincial, gobernada cre lembrar que polo PP naquel momento, que apoiou esa proposta, cun goberno do PP encabezado por don Manuel Fraga Iribarne, co seu vicepresidente o Sr. Núñez Feijóo, conselleiro precisamente do ramo do que están a falar, e co propio conselleiro de hoxe, o Sr. Agustín Hernández, como director xeral de Urbanismo.

Todo iso se concitou nun consenso importante, xa que están falando de infraestruturas que van polo territorio e que afectan, e hai que compensar ben as cargas cos beneficios. Hai que compensar ben as cargas do territorio, as cargas a que se someten aos particulares afectados, cos beneficios xerais de toda unha comarca, dunha área metropolitana que quere ser puxante e que quere adiantarse ao futuro cunha rede viaria de comunicacións e de transportes que lles poña en primeira liña para facer todas esas cousas.

Di que as primeiras propostas que houbo en Cambre sobre este plan eran lesivas e eran incorrectas, ademais de rumores e comentarios que había por aí. Eran lesivas e eran incorrectas dende o punto de vista da comunicación e dende o punto de vista do impacto que tiñan no territorio, iso xa por non entrar na grande afectación individual e a persoas que tiña, porque efectivamente, como xa comentou antes o voceiro de EU-IU, partía o territorio de Cambre e troncaba todas as parroquias a través do centro.

O Plan Viario Comarcal é un sistema de comunicación que intenta ser perfecto, que non o é porque van faltar moitas outras cousas, non fala do transporte público, non inclúe dentro do seu deseño a rede ferroviaria, que sería fundamental para estar falando dun plan global e que abarcará todos os aspectos necesarios, pero é un plan bastante importante, e que se basea en cousas tan sinxelas como que as vías troncais que conectan a gran capital da comarca, a cidade da Coruña co exterior, ou sexa a A-55, autoestrada que vai a Carballo, a A-6, autovía do noroeste, a AP-9, autoestrada de peaxe de Santiago, e a N-VI, estiveran tamén conectadas de maneira concéntrica, para que se instalara un novo sentido de fluxos circulatorios, uns novos tránsitos que antes sempre tiñan que pasar polos embudes polos que aínda teñen que pasar hoxe.

Di que os dous novos eixes para comunicar esas comunicacións troncais, eran a *Tercera Ronda*, coa súa prolongación á AP-9 e a conexión co aeroporto, e a Vía Ártabra. A Vía Ártabra non era para darlle servizo a Sada e a Oleiros, que tamén o é, evidentemente, era un novo sistema de comunicación concéntrica na cidade, sería ese cuarto cinto, despois daqueles inventos na cidade da Coruña como son a *Ronda de Nelle*, a *Ronda de Outeiro*,..., e algúns, como el, aínda botaron en falta un quinto ou un sexto, que tería que ir moito máis alá no radio, comunicando o exterior do Concello de Arteixo, Cerceda, Carral, Abegondo, ..., unha especie de M-50 nova que habería que ir pensando xa para adiantarse novamente ao futuro.

Segue a dicir que, efectivamente, aquí en Cambre este tema foi conflitivo porque hai un nivel de afectación importante, e tamén porque o trazado inicial é incorrecto dende moitos puntos de vista.

Así, despois de moito debate, despois de moito atraso, e despois do traballo encomiable dalgunhas asociacións e de moita xente que gastou tempo e diñeiro en propoñer estudos, en facer debates cidadáns, chegaron ao ano 2006, e iso despois de que a Xunta de Galicia no ano 2001 o declarase de interese supramunicipal, é dicir, digan o que digan os concellos de interese supramunicipal, de interese xeral e, por tanto, de obrigado cumprimento.

Dixéronlles que lles parecía moi ben que Cambre discrepase de como é, e de por onde vai, pero que a conexión entre a AP-9 e a A-6 era absolutamente imprescindible e de obrigado cumprimento, e o que deron ao Concello de Cambre foi a opción de que disexe por onde e como quería facer esa conexión. Ese foi o traballo que fixeron. O Concello de Cambre, con debate cidadán, con debate político, e gastando diñeiro, encargando un estudo de alternativas, presentou unha proposta á cal chegou por unanimidade dos naquel momento 17 concelleiros dos tres grupos municipais que no ano 2006 formaban a corporación, que é o eixe de comunicación que, basicamente, hoxe se lles propón, aínda que con matizacións e novidades que evidentemente non lles gustan.

Sinala que a sorpresa desagradable que tiveron, el cre que todos, é que cando a Consellería no ano 2008 lles presenta a proposta definitiva de trazado na que estaban traballando, non lles gustou, porque non fan caso en parte ás cuestións que en Cambre se dicían. Non meten o enlace no Coído en Bribes, aparece unha nova entrada con plataforma de peaxe na zona da Gándara na que están en contra, desaparece o enlace completo de Catro Camiños que era o que pedían, e o enlace parcial que existe hoxe tamén, por unha cuestión de normativas de como funcionan as autoestradas.

Todo iso ao que os levou foi a que, despois de moito debate, despois de moita discusión, de moitas horas de dedicación ao asunto, polo menos algúns, a un novo consenso, un novo consenso importante do que sae un documento de 14 folios (sen contar os planos), no que detalladamente explican que presentan esa alegación para que se teñan en conta as cuestións da peaxe que citou, as cuestións dos enlaces que citou, a cuestión de reposicións de camiños, augas, servizos afectados que o proxecto inicial non contemplaba, e así o mandaron como alegación e, efectivamente, meteron unha apostila ao final, por presión e porque algúns tamén entenderon que sempre é mellor o consenso e eliminar unha parte das máximas aspiracións que poden ter lexitimamente como grupo, para chegar a un acordo unánime nas cuestións que son fundamentais. Por iso se introduciu esa apostila, por certo modificada un pouco por proposta do BNG con respecto á orixinal, sobre ese tema de que Cambre non aceptaría outro trazado.

El cre que calquera entende que iso, en todo caso, é un *desideratum*, unha opinión sen o maior valor, porque sinala que están falando dun proxecto viario declarado de interese supramunicipal pola Xunta de Galicia en resolución, e polo tanto eles o que poden é ofrecer a súa opinión, teñen 14 folios de alegacións nas que din que ese proxecto que lles propoñen non lles serve, que ten que ser doutra maneira, respectar unhas cousas ou corruxir outras, porque se non lles fan caso a todo iso, entenderían que sería mellor non facela. Ese *desideratum* final non ten ningún tipo de valor

de alegación e, en todo caso, el pensa, e non lle importa recoñecelo publicamente, que probablemente foi un erro aprobalo, ou probablemente foi un erro que o seu grupo, o BNG, lle dera autorización a iso. Nese momento pensaron que era mellor que os vinte concelleiros presentes ese día foran capaces de votar todos a prol dun documento, que o substancial era todo o contido das alegacións, non esa pequena apostila sen valor ningún.

Continúa dicindo que agora se chama Plan Move, antes era Plan Viario Comarcal, pero a cuestión nominativa é o de menos, en todo caso, aquí se lles está intentando vender agora que a eliminación é porque se recollen unhas alegacións, ou se lles fai caso a uns veciños, cando a realidade el cre que todos saben que é outra. Se se fala claramente el cre que non hai alcalde, nin goberno municipal, nin concelleiro ou concelleira no goberno ou na oposición que non a vexa razoable, estase en crise e hai recortes orzamentarios. Di que claro que si, e que se cadra ese plan inicial de comezar as expropiacións xa, contratar a obra e dedicar non sabe cantos millóns de euros, para que no ano 2013-2014 poida entrar en servizo, se cadra, aínda que protesten, pode ser comprensible que lles digan que non pode ser, que o tramo da Vía Ártabra no que están metidos ten que adiar o seu remate ao ano 2015. Di que protestarían un pouco, pero que, en fin, que aí estaría o plan, aí se faría, cun pouquiño de atraso pero aí estarían de novo no futuro colocados.

O problema é que non é iso, o que se fai é anulalo por unha decisión de non se sabe moi ben quen, cando ademais aquí se lles comunicara precisamente a declaración de interese supramunicipal, e se lles dixera que aquela proposta de Plan xeral que fixeran se rexeitaba e debían volver facela dende o principio por non incluír a reserva de espazo viario. Di que é un problema de cartos, nada máis, pero que hai quen quere ver ás veces os problemas como oportunidades, e quere converter o que ía ser unha dificultísima explicación á cidadanía do Concello de Cambre e do resto da comarca, porque se castiga á comarca coa supresión dun investimento estratéxico importante, e o quere converter nunha victoria. Montan iso, non se sabe por cantos votos, e aínda non é capaz de entendela, e aínda entende menos, porque pode entender que en todo hai intereses particulares, polo de agora os únicos que están recoñecidos son os da persoa que parece que vai ser o aspirante á Alcaldía polo PP de Cambre, intereses particulares lexítimos, pero recoñecidos, que lle afectan.

Neste punto, ante a interrupción do concelleiro do PP, Sr. Cubeiro, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que é unha mágoa que determinado voceiro non vaia ter oportunidade de sentarse onde está o Sr. alcalde, porque moito lle gusta ordenar e regular os plenos, di que de verdade é unha mágoa e que lle gustaría velo.

O Sr. alcalde pide ao Sr. Cubeiro que estea tranquilo, que por favor cale e que non se poña nervioso, porque ás veces as verdades molestan, pero que hai que escoitar igual que o escoitaron a el.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que como moitas veces neste pleno, ás veces cústalle traballo seguir o seu propio fío, polas interrupcións constantes. Dille ao Sr. Cubeiro que

non vai entrar nas súas provocacións, que xa intentou unha ao principio, pero que, francamente, a el dálle exactamente o mesmo, e que el pensaba que coa tempada de vacacións que se tomou ultimamente viría máis relaxado, pero que xa ve que o que estivo foi cargando as pilas.

Segue dicindo que, en calquera caso, que papel tan penoso lles toca a algúns. Unha forza política de goberno, que aspira a iso e que ten moitas posibilidades, ademais, ten que curtarlle as ás a unha comarca que debería ser unha comarca puxante, que debería ter a ambición de liderar económica, social, cultural e demograficamente este país chamado Galicia, e que non teñen ningún reparo en eliminar algunhas das cousas que eran fundamentais, que estaban consensuadas, e que eran lei para todo o mundo. A el gustaríalle saber cal é a opinión dunha persoa que aspira tamén a liderar esta gran Coruña dende a súa capital, o Sr. Negreira, gustaríalle saber cal é a súa opinión sobre isto, porque el cre que os alcaldes dos concellos da comarca teñen moito que dicir, os gobernos, os concelleiros, pero que o alcalde da Coruña é fundamental na dirección e liderado desa gran Coruña na que todos viven e queren que progrese.

Di que o PP vaise quedar só nisto, porque estase vendo cal é a reacción en Cambre, en toda a comarca, e os propios silencios dalgúns alcaldes do PP que son ben elocuentes. El comprende a posición conflitiva e complicada que teñen algúns, pero os seus silencios son ben elocuentes. O PP estase quedando só, pero non só con respecto do resto das forzas políticas, senón tamén no seu propio seo, porque non todo o PP evidentemente está de acordo con esta historia. Estase quedando só, respecto dos empresarios, non sabe se foi onte ou antonte cando todo este problema chegou a conseguir que un señor que lidera unha plataforma de empresarios, don Gerardo Crespo, estivera de acordo co alcalde de Oleiros, cando están case enfrontados nos tribunais, pero ata se poñen de acordo para preguntar como é que se vai suprimir a Vía Ártabra. Suscita ata consensos en contra de persoal que é do propio grupo popular.

El dilles que se van quedar sós tamén cos miles de cidadáns, de transportistas, de empresarios, que día tras día están atascados neses atascos diarios que están xa instalados como se fora un mal endémico. Pídelles que rectifiquen, porque aínda están a tempo. El cre que o que teñen que facer é rectificar, esixirlle ao concelleiro que cumpra co plan, se ten que atrasalo un pouquiño porque os cartos non chegan para todo, que o faga, pero que manteña o plan, porque é vital para o Concello de Cambre e para esta comarca.

Continúa dicindo que por respecto, e xa que o PP presentou unha emenda, el vaille dicir ao Sr. Cubeiro que o BNG vai votar en contra dela, e que sempre lle resulta curioso como o concelleiro do PP dialoga cando el esta falando, mentres que cando é o concelleiro popular o que fala, el escoita atentamente e toma notas para intervir cando lle toca.

Quere dicirlle que el recibiu o texto onte a última hora da noite, con tal falta de rigor, sen importar absolutamente nada que o que estea dicindo aí non é que sexa certo ou incerto, senón que non ten nada que ver coa realidade. Pregúntalle onde está o polígono de Carral, supón que se referirá ao polígono dos Capelos, na N-550, pregúntalle que ten que ver o polígono de Carral con

facer unha entrada para Sta. M^a de Vigo, di que xa a ten nas Táboas, e non sabe que ten que ver ese tema. Tampouco o de rexeitar o apoio de Cambre ás medidas que faga o Consorcio das Mariñas, no que están representados todos os concellos da área.

Conclúe dicindo que el realmente se queda absolutamente alucinado e que van votar en contra, porque iso é unha proba máis da falta de rigor, e que lles ten dito moitas veces que teñan coidado, que en política non vale todo, que hai que ser un pouquiño respectuosos coa realidade das cousas, que hai que ser rigorosos nas propostas, porque senón algún día se poden acabar volvendo contra un. O seu grupo vai rexeitar iso e vai apoiar a proposta que se formula dende o goberno municipal coa achega que fixo EU-IU o outro día.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el pensaba que este pleno ía durar cinco ou dez minutos, como moito, pero que xa ve que as intervencións son extensas. El cre que este pleno se fixo con motivo de que se tiña anulado un tramo da Vía Ártabra ao seu paso por Cambre, ao tempo que se facía o enlace na Gándara en contra de todas as propostas que se tiñan feito, consensuadas incluso, nas que se recollía gran parte do sentir das asociacións de afectados que se crearon ao respecto da Vía Ártabra e que, agora se anula sen máis aviso, sen ningún motivo, polo menos que eles saiban. O pleno era para esixir aos responsables da Xunta que lles explicasen por que se anula, simplemente diso era do que se tiña falado.

El cre que está claro que se nesa alegación se recollía o sentir duns e doutros, e dos propios partidos políticos representados no Concello de Cambre, entón, cre que tamén todos deberían estar de acordo en que se deben esixir explicacións, e para iso era para o que se facía este pleno, para facer unha declaración institucional nese sentido.

Oiu dicir agora que a última apostila ao mellor non se debería ter aprobado, ou non se debería ter metido, el pensa que está ben metida, se non lles facían caso ás alegacións, para nada lles servía a Vía Ártabra, unicamente para facerlles dano. Se todos estaban de acordo niso, e estaban de acordo nas alegacións, era preciso pedir explicacións a quen agora anulou este viario, explicación do por que, e ver se os convencen do que pasa, para iso se fixo este pleno, e non entende porque se fixo aquí unha especie de mitin preelectoral.

Por outro lado di que hai quince días que fixeron esa primeira reunión de voceiros onde se expoñía este tema, e aínda houbo outra reunión de voceiros esta semana, así que se o PP quería traer algo ou achegar algo a este tema, pensa que houbo tempo para facelo, e non traelo hoxe, porque el non o tiña, escoitouno agora aquí. Parécenlle moi ben as achegas que faga todo o mundo, é enriquecedor para a corporación, pero se saben que hai quince días que se falou de facer o pleno, que se ía xa a facer a semana pasada, que non se fixo e se deixou para esta, que se fixo outra xunta de voceiros esta semana, e non se trouxo nada, senón que se trouxo hoxe aquí, iso tampouco lle parece moi coherente nin correcto.

Por todo o anterior, conclúe dicindo que el, por suposto, vai apoiar a declaración institucional, que foi o que se falou que se ía traer, e que niso está.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que en xuño de 2008 todos estiveron de acordo coas alegacións, e que ela tamén está de acordo en que estivo ben incluír o último punto, coa asociación que tamén presentou alegacións. O que si bota moito de menos é que o anterior goberno non deu resposta ás alegacións presentadas no 2008, e o actual goberno tampouco dá unha explicación do por que elimina agora de súpeto este trazado en Cambre. Di que tamén se tiña creado unha comisión, que estaba integrada na do Plan xeral, e que tamén bota en falta, que durante estes quince días, estas semanas que levan con este tema, non se teña feito esa comisión, esas reunións nas cales todos poden participar, e di todos os concelleiros da corporación.

Conclúe dicindo que si que apoia esta declaración institucional porque bota de menos as explicacións por parte da Xunta e do PP.

A continuación, don José Antonio Baamonde López, concelleiro do PP, pregúntalle ao Sr. alcalde se pode intervir, ao que se lle contesta que si.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que ela pensa que o Sr. Baamonde non está no uso da palabra, xa que a voceira do seu grupo municipal é ela, e non cedeu ese uso.

Don José Antonio Baamonde López sinala que el imaxina que como concelleiro pode falar, como tamén faláron outros compañeiros que tampouco son voceiros, e que, en todo caso, é o Sr. alcalde, que preside este pleno, o que ten que dicilo.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que a voceira do grupo é ela, e que o Sr. Baamonde non acudiu ao grupo municipal para nada, polo que non lle dá a palabra.

O Sr. alcalde di que el é o alcalde.

Don José Antonio Baamonde López agradécello ao Sr. alcalde, di que non se preocupen, e que como se poden imaxinar a súa intervención neste momento no pleno é para dicir que vai apoiar a moción institucional presentada polo Concello de Cambre. Quere explicar por que o fai, e pensa que vai dar un pouco de luz a todo isto.

En primeiro lugar, el sempre creu que o consenso naceu do diálogo, ata a tarde de onte, na que a través dun correo electrónico leu un documento que eran unhas emendas consensuadas polo grupo municipal popular e que el descoñecía. Anos atrás, cando se presentaba o Plan Viario da Xunta, e se proxectaba a Vía Ártabra, ante un primeiro borrador do seu paso polo Concello de Cambre, lembra que era a opción B, parecía prexudicar aos veciños, como xa se ten falado aquí polos voceiros de EU-IU e BNG, unha proposta que partía o concello en dous e que supostamente

podía beneficiar a algunhas persoas. Xurde a Plataforma de afectados da Vía Ártabra, que cun estudo serio, rigoroso e adecuado a el logra ilusionalo pola visión de futuro que contemplaba, xa que deixaba a Cambre cunhas comunicacións ideais para o futuro da grande área que abarca, xunto coa *Tercera Ronda* da Coruña. El dende aquí quere felicitar o traballo que no seu día fixo esa plataforma, o traballo de campo que fixeron e que, ademais, os concelleiros do PP de Cambre naquel momento, na anterior lexislatura, percorreron con eles.

Como voceiro naquel momento do PP de Cambre, e como presidente do partido, solicitou unha reunión en Santiago co director xeral de Obras Públicas, don Agustín Hernández, hoxe conselleiro, á cal o acompañaron membros da Plataforma de afectados pola Vía Ártabra, o Sr. Leirós e o Sr. Mella. Estando nesa reunión se lles informa por parte do director xeral que o vial ten que pasar por Cambre, unir o Espírito Santo coa AP-9 e coa A-6, e que é imprescindible que se consensúe o antes posible. Di que alí lle presentaron o trazado que tiña preparado esa asociación de afectados, e dixo que ben, que se consensuase dentro do concello e que se enviase coa maior celeridade á consellería. Nese momento se contrata a obra da Vía Ártabra, deixando en suspenso o trazado de Cambre. Di que todo iso xurde en diferentes reunións, por parte da plataforma hai dous diferentes grupos políticos, que os concelleiros que estaban naquel momento o saben, e despois de moitas reunións, e incluso se contratou coa empresa Iceacsa o estudo das distintas alternativas, tanto a opción C, que é a que presentaba a plataforma de afectados da Vía Ártabra, como a opción B, que era a que nun principio quería incluír o goberno autonómico, que era máis prexudicial, así como outra intermedia. Ao final se deciden pola opción C, e ademais houbo un grande acordo por parte de todos os concelleiros, e vaille corrixir ao voceiro do BNG, eran 17 concelleiros na lexislatura pasada, o pleno foi o 23 de febreiro de 2006, e estaban presentes 16 ese día, non sabe quen faltou pero, dende logo, os cinco concelleiros do PP de entón, si que votaron a prol.

Tamén lle gustaría puntualizar que a proposta contemplaba un enlace lóxico en Bribes, moi importante dentro do deseño, que agora non aparece por motivos técnicos de distancias entre uns e outros, cando resulta que na mesma Vía Ártabra, ao seu paso polo termo municipal de Oleiros, si que se teñen habilitado outras saídas con menor diferenza, polo que ao seu modo de ver tamén converte esa saída en posible.

El se considera unha persoa coherente, e porque é coherente, e votou a prol no 2006 e no 2008, ten que manter o seu voto. El non cambiou a súa opinión, se agora votase en contra da construción deste vial tería que dicir por que antes votou a prol. Son outros os que teñen que dicir por que antes votaron a prol e agora están en contra, dende logo a el non lle corresponde, e ademais non lle corresponde porque segue crendo que é un proxecto válido e validado, tanto por políticos como por técnicos, e que con boa vontade se podería incluso mellorar, é máis, quere pensar en positivo e crer que se aprazará, por mil motivos, pola crise, polos recortes, pero nunca pensar que se poida suprimir este vial, el está seguro de que se vai realizar. Cre que é parte do futuro de Cambre e el se sente e é principalmente veciño deste concello, polo tanto, vai apoiar a moción institucional para que se constrúa ese vial.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que houbo unha serie de alusións, que pensa que foron máis ben ilusións que outra cousa, que non merecen resposta. Cre que acusacións tan fáciles como dicir que alguén que se presenta a unhas eleccións se presenta por intereses particulares, porque é afectado, pregúntalle ao Sr. Iglesias se os afectados por calquera voz pública non teñen dereito a manifestarse. En Cambre agora mesmo hai tres trazados alternativos de AVE de 600 metros cada un, que nalgúns puntos se cruzan coa Vía Ártabra. Pregunta ao Sr. Iglesias se eses afectados non teñen dereito a manifestarse, el cre que por suposto que si, e pensa que, polo tanto, é unha manifestación bastante clara de como entende o Sr. Iglesias a política, e xa o demostrou nesta lexislatura, autoritaria, dominante, e, dende logo, o consenso se non existe é en grande parte por el.

Di que teñen que pensar que en Cambre está o encoro que abastece toda a área metropolitana, a planta de tratamento, a autoestrada, a autovía, tres liñas de AVE agora mesmo, e o alcalde de Cambre, Sr. Varela, non se manifesta, nin sequera o fixo hoxe, está calado sempre, e o Sr. alcalde si que debería de dicir algo, non permitir que algunhas intervencións sexan tan longas, se escapen tanto do tema a tratar, porque non están agora aquí para discutir. Di que de feito o Sr. alcalde ten memoria e ten que entender que forma parte da historia da corporación, do pasado, non do presente nin do futuro, dille que ten que pensar iso. Esta corporación tense que renovar, pero cre que o Sr. alcalde debería explicar un pouquiño cal é a súa postura, a súa, non a do Concello de Cambre, a do concello é errática, pero polo menos que diga cal é a do alcalde.

Di que o PP, dende logo, fixo o posible para que esta alegación fose atendida, e foino, e polo tanto, eles están satisfeitos, e consideran que é o menos malo para Cambre, non beneficioso, pero o menos malo, e por iso non poden asinar esa declaración.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que fai un momento a concelleira non adscrita fixo alusión a unha comisión que se naceu dunha moción presentada por EU-IU, cre que foi en abril de 2008, que era sobre a creación dunha Comisión Informativa Especial polo proxecto de construción da Vía Ártabra. Evidentemente, non se funcionou como se debiera neste caso, pero ás veces ignoramos cousas que son importantes, como por exemplo que esa moción foi aprobada por unanimidade de todos os grupos presentes na corporación, incluído o PP, e que no seu punto número dous, dicía que a devandita comisión tería en conta os traballos realizados pola Asociación de veciños afectados polas infraestruturas no municipio de Cambre, e que colaboraría conxuntamente coas entidades sociais na realización dos traballos e outras actuacións relacionadas coa finalidade que se pretendía. Por iso ás veces agora se olvidan, ou se queren olvidar, do que aprobaron, e non se ten en conta, pero aquí si que se aprobou ter en conta as propostas realizadas e o traballo feito por algunhas asociacións do concello a prol de que o trazado fora o menos agresivo e prexudicial para Cambre.

Toma a palabra o Sr. alcalde e di que el quere intervir, como é lóxico, xa que así o pide o concelleiro do PP, e o que quere dicir é moi sincero, moi sinxelo e moi simple. Todo o mundo ten

dereito a defenderse e defender os seus intereses, pero os concelleiros teñen un dereito importante e obrigatorio, que é velar polo mellor funcionamento e mellores servizos de Cambre. Di que o que hoxe se presenta, o proxecto que neste momento ten a comunidade autónoma, que eles coñecen, se só chega á A-9 os prexudica un montón. Os concelleiros saben que anulan a entrada e saída de Santiago, e fan un quilómetro e pico na Gándara cun terreo que van expropiar, que está marcado para expropiar.

Di que hai que ser coherentes e poden dicir que non nos interesa a Vía Ártabra porque prexudica máis que beneficia, pero de entrada, eliminan ese tramo ata a A-9, por non prexudicar non se sabe a quen. Dende logo neste momento alguén será responsable de que se se fai a conexión na Gándara queda automaticamente pechada a comunicación de entrada e saída para Santiago. Pregúntalle aos concelleiros do PP a que veciño de Cambre beneficia ir á Gándara, coller a autovía, subir ata a rotonda do polígono industrial, baixar e pagar peaxe, porque de entrada o terreo para expropiar vai marcado no proxecto, iso eles o coñecen, e el cre que iso é xa un grao de responsabilidade, de velar para ter os servizos, como mínimo, máis preto da casa, porque iso dá servizo a Oleiros, a Cambre moi pouco. El non se imaxina a ningún veciño ter que coller Catro Camiños e ir ata San Pedro. Di que o concelleiro popular estará de acordo con el en que o mellor sería potenciar o que xa teñen, se non hai diñeiro e teñen feito o 50% da infraestrutura en Catro Camiños, facer o outro 50%, iso sería o lóxico ao seu entender.

Por outro lado, cando se dí, non, porque non beneficia a Cambre, porque non se ten en conta a Cambre, porque non queremos iso, nese caso, a eles, se non beneficia a Cambre, loxicamente como se dixo por todos, a eles non lles interesa. Facer unha autovía que pase por Cambre cun valo a cada lado, non a queren, iso dixérono dende sempre, pero neste momento, un trazado coherente entre a AP-9 e a A-6, se se marcan as dúas entradas que pedirán en Bribes e no Corgo, e se melloran as infraestruturas, están tendo unha comunicación moi importante, están integrándose na rede de servizos e comunicacións coa cidade. Di que el non quere ver como faría un veciño de Pravio, Bribes, Cecebre, San Lourenzo ou de Sigrás, como van acceder á Coruña, sería imposible.

Di que hoxe as vías que teñen son imprescindibles e que el está de acordo co Sr. Cubeiro en que lle diga non nos beneficia, non nos dá conexión, non a queremos, aí era o sentido da alegación no seu día, pero hoxe o que piden é que haxa as catro conexións, a A-6, a AP-9 e as dúas intermedias, con iso cre que nunha distancia de 11 quilómetros, máis ou menos, están falando de que cada 3 quilómetros terían unha entrada, e serían un concello de futuro, privilexiado e integrado na rede da área metropolitana.

Podería falar moitas máis cousas, pero dende logo, o que si lle vai dicir ao Sr. conselleiro aquí, e a algún membro máis, é que el non ten capacidade para poder parar a Vía Ártabra, poderá suprimirse temporalmente o inicio das obras, pero suprimir un proxecto que está aprobado, que ten o visto e praxe, parécelle, cando menos, unha imprudencia, por ser respectuoso con todos eles. Polo tanto, aí está a defensa da súa alegación, ata aí chegan, e falarán de máis cousas, pero

que sobre todo á xente lle quede claro que se están xogando, primeiro perder unha conexión e ir a coller o enlace a Oleiros, iso de entrada, e segundo deixar a dúas parroquias sen comunicación. Parécelle fóra de todo lugar, con independencia de que logo se estude o trazado e haxa que melloralo, el cre que a iso nunca teñen dito que non. Pensa que o Sr. Cubeiro estará con el en que, polo menos, haberá que mellorar o que non temos, e darlle forma ao que teñen, simplemente ata aí quere chegar coa súa intervención, como aclaración, e nada máis.

A continuación, sométese a votación ordinaria a emenda presentada polo grupo municipal do PP. Votan a prol da emenda seis concelleiros do PP, e votan en contra os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG), a concelleira non adscrita e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do PP.

Así pois, por quince votos en contra, rexéitase a emenda presentada polo PP.

Seguidamente sométese a votación ordinaria o texto da declaración institucional presentada. Votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG), a concelleira non adscrita e don José Antonio Baamonde López, concelleiro do PP, e votan en contra os seis concelleiros restantes do PP.

A corporación, por quince votos a prol, acordou aprobar a declaración institucional que se transcribe a seguir:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE CAMBRE

O pleno do Concello de Cambre, ante as noticias publicadas sobre as medidas que o Goberno central e a Xunta de Galicia pretenden impoñer sobre algunhas infraestruturas vitais para Cambre e para a área metropolitana da Coruña, desexa manifestar o seguinte:

Primeiro: Consideramos imprescindible volver ao diálogo con todas as partes implicadas no problema, e tratar de dar solución a un tema que sen dúbida ten que obedecer a intereses colectivos, e de ningún xeito primar cuestións individuais, electoralistas ou persoais, que en definitiva van a provocar división, prexudicar ás familias, e ao futuro desenvolvemento do noso concello e da propia comarca.

Segundo: Rexeitamos a posibilidade de reducir por parte do Ministerio de Fomento a asignación da cantidade prevista para a execución da Terceira Ronda, e con iso, o posible retraso da súa posta en funcionamento e esiximos a consignación nos orzamentos do Estado a cantidade necesaria para que a vía se poña en funcionamento a finais de 2012, e así mesmo, se destine unha partida orzamentaria para executar o enlace na zona da Rocha (Cambre) coa Nacional 550.

Terceiro: Rexeitamos a modificación do Plan Move de Galicia no que atinxe a deixar sen efecto a conexión da Vía Ártabra entre a AP-9 e a A-6, xa que iso suporía vulnerar e deixar baleiro o Plan

Viairo Comarcal consensuado por todos os Concellos da área metropolitana coa Xunta de Galicia e esiximos que dita infraestrutura se execute na súa totalidade de conformidade coa última solución prevista polo pleno do Concello de Cambre.

Cuarto: Apoiamos todas as medidas que adopte o Consorcio das Mariñas tendentes a conquistar tanto co Ministerio de Fomento como coa Xunta de Galicia a posta en funcionamento da Terceira Ronda no prazo previsto e o mantemento do enlace da Vía Ártabra entre a AP-9 e a A-6 e solicitamos que o máis axiña posible os representantes do Consorcio sexan recibidos polo ministro de Fomento e polo conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Quinto: Consideramos que ambas infraestruturas son imprescindibles para a vertebración, mobilidade e desenvolvemento da área da Coruña.

Sexto: Co obxectivo de mellorar a fluidez do tráfico na estrada AC-211 e máis concretamente no tramo correspondente á ponte da ría do Burgo entre os concellos de Culleredo e Cambre, e co fin de mellorar e desconxestionar a fluidez no movemento de tráfico na zona, solicitamos da Xunta de Galicia destine unha partida orzamentaria para o ano 2011 para o proxecto de ampliación da mencionada ponte, consistente na construción dunha pasarela en paralelo para o paso de peóns o que permitiría a construción dun novo carril e a mellora do tráfico existente e da seguridade viaria na zona.

Sétimo: Déase traslado do presente acordo institucional ao ministro de Fomento e ao presidente da Xunta de Galicia.”

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as quince horas, do que eu, secretaria certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

Maria Luisa de la Red Ampudia